

FORUM CELTICUM



“Celebramos xuntanzas moi frecuentes para evitar problemas e aportar melloras”

José Luis Espiñeira López

Datos básicos

Actividade:	Pubs - Café Bar
Sector de actividade	Turismo, hostalería e restauración
Nº empregados	15
Inversión inicial	90.150 €
Financiamento inicial:	Cada un de nos aportou no seu momento 30.000 € que foron financiados por quen nos avalou para que o banco nos concedese o préstamo. Non recibimos ningunha axuda ou subvención de organismos públicos.
Web:	www.forumcelticum.com
Municipio:	Culleredo, A Coruña
Ano creación:	1998

Descrición do proxecto

Trátase dun pub irlandés que ofrece espectáculos orientados a diferentes grupos de idades e concertos en directo de música celta.



Datos empresa

Claves do éxito

- Traballo.
- Obxectividade: pensar como o cliente.
- Profesionalidade: non facer distincións entre clientes, tratalos a todos por igual.
- Creatividade: por cada idea nova analízanse os pros e contras, e decidimos se estamos completamente seguros.
- Comunicación e organización.

Situación actual

Na actualidade atopámonos nunha situación estábel pese á grandísima crise que están a atravesar todos os sectores.

Perfil cliente

Non temos un perfil concreto de cliente. Logramos unha identidade propia onde teñen collida todo tipo de persoas.



Idea inicial

A idea xurdiu dunha conversación e, pouco a pouco, converteuse nun proxecto que chegou a durar ano e medio.

Tivemos en conta ata o menor dos detalles e valoramos os aspectos positivos e negativos da nosa experiencia como clientes.

En primeiro lugar fixemos un estudio da zona (o Burgo) e un estudio previo de mercado. Comprobamos que un 60% da poboación tiña entre 25 e 35 anos, o cal supuña a mellor clientela para o noso tipo de negocio. Por outra parte, detectamos que a zona carecía de oferta hostaleira adaptada ao perfil destas idades.

Queríamos montar un negocio que non dependese do barrio no que se situara nin do círculo de influencia de cada socio. Así mesmo, non existe discriminación de idade entre os clientes, nin culturais, políticas ou sociais.

Tivemos moi claro desde o principio a imaxe que queríamos conseguir e que a combinaríamos cun bo servizo, prezos contidos e moita profesionalidade.

Principales dificultades y amenazas futuras

Na actualidade atopámonos nunha situación estábel pese á grandísima crise que están a atravesar todos os sectores.

Perfil promotores

José Luís ten formación profesional no ramo administrativo e é licenciado en marketing. Aporta ademais catro anos de experiencia en "El Corte Inglés".

A empresa conta con dous socios máis.

Aptitudes necesarias

- Obxectividade.
- Profesionalidade.
- Creatividade.
- Humildade.



Guía de Actividad

Pubs Café Bar (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dirixir persoas e organizacións
Gañar cartos

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Non, a nosa propia experiencia na vida e a creatividade e unión entre os socios.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Depende da persoa.

Anecdotalio

Non dispoñible

